

# GUADI GALEGO

## O mundo está parado

INDIE POP

### ARTISTA/BANDA

Guadi Galego comeza a súa andaina musical no 97 con Berrogüetto, no ano 2005 grava *Espido*, con Guillermo Fernández, o seu proxecto máis íntimo e persoal, e un ano despois *Nordestin@s* xunto con Abe Rábade e Ugia Pedreira. Finalmente no 2009 sae á luz *Benzón*, o seu primeiro proxecto en solitario, premio ao mellor disco do ano e candidatura aos premios da Música. No ano 2012 sae á luz *aCadaCanto*, proxecto intimista onde traballa unha vez máis con Guillermo Fernández, acompañada tamén por Xabier Díaz na voz e Xosé Lois Romero no acordeón. En novembro de 2014 publica o seu segundo traballo en solitario, *Lúas de outubro e agosto* coa produción de Patxi García, co que se converte nunha das artistas galegas do momento. Xa no 2016, ano en que acada o Premio Martín Códax da Música á mellor artista na categoría de canción de autor, publica o seu terceiro disco en solitario, *O mundo está parado* (FOL Música, 2016), que despide neste 2018 antes de emprender novo proxecto.

### O ESPECTÁCULO

Guadi Galego fai balance da xira co seu terceiro traballo en solitario, *O mundo está parado*, un ano despois da súa saída. Este disco arrasou nas vendas, coa primeira tirada, de 1.000 vinilos, esgotada en apenas un mes, e sendo considerado polo crítico Fernando Neira como un dos cinco mellores discos do 2016 en España. Tivo unha xira de máis de 50 concertos, coa que pasou polas catro provincias galegas, Barcelona, Madrid, Portugal e algunha das feiras máis importantes do Estado con proxección europea: a Trovam de Valencia ou o Mercat de Música Viva de Vic. Até xuño do 2018 terá lugar a xira de despedida, cun formato moi especial, acompañada a banda no escenario polo cuarteto de cordas e o trío de ventos que lle dan esa sonoridade incrible ao disco.

★ XIRA DESPEDIDA



### FICHA ARTÍSTICA

Guadi Galego: voz e teclado

Guillermo Fernández: guitarra eléctrica e coros

Carlos Abal: guitarra acústica e coros

Paco Charlín: baixo eléctrico

Isaac Palacín: batería e coros

Cuarteto de cordas

Trío de ventos

Duración: 75 minutos

Público: adulto

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)